

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027897	Paseo das Pontes	Coruña (A)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
INA	Industrias alimentarias	CMINA03	Elaboración de produtos alimentarios	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiões semanais	Horas anuais	Sesiões anuais
MP0147	Formación e orientación laboral	2023/2024	4	107	107
MP0147_12	Prevenção de riscos laborais	2023/2024	4	45	45
MP0147_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	4	62	62

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	GREGORIA ARREDONDO VIQUEIRA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP dual coa empresa MERCARTABRIA S.L.U, no que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo CIFP Paseo das Pontes.

Este proxecto toma como referencia o currículo de formación profesional establecido no DECRETO 129/2011, do 3 de xuño, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de TÉCNICO EN ELABORACIÓN DE PRODUTOS ALIMENTARIOS.

Publicado o Real decreto 452/2010, do 16 de abril, polo que se establece o título de técnico en elaboración de produtos alimentarios e se fixan as súas ensinanzas mínimas, e de acordo co seu artigo 10.2, correspóndelle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecer o currículo correspondente no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.

Consonte o anterior, este decreto desenvolve o currículo do ciclo formativo de formación profesional de técnico en elaboración de produtos alimentarios. Este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

O currículo que se establece neste decreto desenvólvese tendo en conta o perfil profesional do título a través dos obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e os obxectivos propios de cada módulo profesional, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe, que lles han permitir conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.

Asociado a cada resultado de aprendizaxe establécese unha serie de contidos de tipo conceptual, procedemental e actitudinal redactados de xeito integrado, que han proporcionar o soporte de información e destreza precisos para lograr as competencias profesionais, persoais e sociais propias do perfil do título.

A competencia xeral deste título consiste en elaborar e envasar produtos alimentarios de acordo cos plans de produción e calidade, así como efectuar o mantemento de primeiro nivel dos equipamentos, aplicando a lexislación de hixiene e seguridade alimentaria, de protección ambiental e de prevención de riscos laborais.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan a seguir:

- a) Aprovisionar e almacenar materias primas e auxiliares, atendendo ás características do produto.
- b) Regular os equipamentos e os sistemas de produción en función dos requisitos do proceso produtivo.
- c) Elaborar produtos alimentarios controlando as operacións segundo o manual de procedementos.
- d) Aplicar tratamentos de conservación de acordo cos requisitos de cada produto.

- e) Envasar, etiquetar e embalar os produtos elaborados de xeito que se asegure a súa integridade durante a súa distribución e a súa comercialización.
- f) Almacenar produtos acabados, realizar o control de existencias e verificar a súa expedición.
- g) Verificar a calidade dos produtos elaborados, realizando controis básicos, e rexistrar os resultados.
- h) Preparar e manter os equipamentos e as instalacións garantindo o funcionamento e a hixiene, en condicións de calidade, seguridade e eficiencia.
- i) Cubrir os rexistros e os partes de incidencia, utilizando os procedementos de calidade.
- j) Facer promoción dos produtos elaborados e comercializalos aplicando técnicas de márketing.
- k) Aplicar a normativa de seguridade alimentaria para garantir a rastrexabilidade e a salubridade dos produtos elaborados.
- l) Aplicar a normativa de protección ambiental, utilizando eficientemente os recursos e recollendo os residuos de xeito selectivo.
- m) Cumprir as normas establecidas nos plans de prevención de riscos laborais de acordo co establecido no proceso de elaboración do produto.
- n) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas das relacións laborais, de acordo co establecido na lexislación.
- ñ) Xestionar a propia carreira profesional analizando as oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.
- o) Crear e xestionar unha pequena empresa, realizando un estudo de viabilidade de produtos, de planificación da produción e de comercialización.
- p) Cumprir os obxectivos da produción, colaborando co grupo de traballo e actuando conforme os principios de responsabilidade e tolerancia.
- q) Participar de xeito activo na vida económica, social e cultural, cunha actitude crítica e responsable.
- r) Adaptarse aos postos de traballo e ás novas situacións laborais que se orixinan por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.
- s) Resolver problemas e tomar decisións individuais seguindo as normas e os procedementos establecidos, definidos dentro do ámbito da súa competencia.

As persoas con este perfil profesional exercen a súa actividade en empresas pequenas, medianas ou grandes, con niveis moi diversos tanto na súa tecnoloxía como na súa organización. Son traballadores e traballadoras por conta allea que se integran nun equipo de traballo con persoas do seu mesmo nivel de cualificación, ou inferior, onde desenvolven tarefas individuais e en grupo nas áreas funcionais de recepción de materias primas e materiais, preparación e manexo de equipamentos de produción, control de operacións de elaboración, envasamento e embalaxe, apoio ao control de calidade, almacenamento e expedición de produtos acabados.

En xeral, dependerán organicamente dun mando intermedio, coa excepción de pequenas empresas ou nas que aínda as operacións manuais posúan relevancia, nas que poden exercer funcións de supervisión de operarios e depender, no seu exercicio, directamente da dirección de produción.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables nas que se están cualificando son as seguintes:

- Elaborador/ora de produtos alimentarios.
- Operador/ora de máquinas e equipamentos para o tratamento e a elaboración de produtos alimentarios.
- Operador/ora e controlador/ora de liñas de envasamento e embalaxe.
- Recepcionista e almaceneiro/a.

- Subministrador/ora de materias primas e materiais ás liñas de produción.
- Dosificador/ora.
- Supervisor/ora de liña.

Os obxectivos xerais deste ciclo formativo son os seguintes:

- a) Identificar e seleccionar materias primas e auxiliares para o seu aprovisionamento, e describir as súas características e as súas propiedades.
- b) Verificar e clasificar materias primas e auxiliares analizando a documentación asociada, para o seu almacenamento.
- c) Recoñecer e manipular os elementos de control dos equipamentos, en relación coas variables do proceso, para regulalos e/ou programalos.
- d) Definir e aplicar as operacións de acondicionamento, formulación e transformación, para elaborar produtos alimentarios, tendo en conta as características destes.
- e) Identificar e analizar os tratamentos de conservación, e describir os seus fundamentos e os parámetros de control, para a súa aplicación.
- f) Analizar as operacións de envasamento, etiquetaxe e embalaxe en relación coa conservación, a distribución e a rastrexabilidade dos produtos alimentarios, para a súa realización.
- g) Organizar e clasificar os produtos acabados, e analizar os seus requisitos de conservación e as súas necesidades de espazos, para o seu almacenamento.
- h) Recoñecer e medir os parámetros de calidade dos produtos en relación coas esixencias do produto e do proceso, para verificar a súa calidade.
- i) Identificar e aplicar técnicas de limpeza e desinfección dos equipamentos e as instalacións, e recoñecer os produtos e as técnicas aplicadas, para garantir a súa hixiene.
- j) Describir e aplicar técnicas de mantemento de equipamentos, máquinas e instalacións, e xustificar as súas esixencias, para os preparar e os manter.
- k) Analizar a documentación asociada aos procesos en relación coa actividade produtiva e comercial, para a cubrir.
- l) Identificar e seleccionar as técnicas publicitarias, e valorar a súa adecuación aos produtos e ás características da empresa, para comercializar os produtos elaborados e facer promoción deles.
- m) Describir a normativa de seguridade alimentaria, e identificar os factores e as situacións de risco, para a súa aplicación.
- n) Identificar os aspectos ambientais asociados á súa actividade, recoñecendo os procedementos e as operacións de recollida selectiva de residuos, para aplicar a normativa.
- ñ) Identificar os riscos asociados á súa actividade profesional en relación coas medidas de protección, para cumprir as normas establecidas nos plans de prevención de riscos laborais.
- o) Describir os papeis de cada compoñente do grupo de traballo, e identificar en cada caso a responsabilidade asociada, para a súa organización.
- p) Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e a súa relación co mundo laboral, analizando as ofertas e as demandas do mercado, para manter unha cultura de actualización e innovación.
- q) Recoñecer as oportunidades de negocio, identificando e analizando demandas do mercado, para crear e xestionar unha pequena empresa.
- r) Valorar as actividades de traballo nun proceso produtivo e identificar a súa achega ao proceso global, para participar activamente nos grupos de traballo e conseguir os obxectivos da produción.
- s) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.
- t) Identificar as oportunidades que ofrece a realidade socioeconómica da zona, e analizar as posibilidades de éxito propias e alleas, para manter un espírito emprendedor ao longo da vida.
- u) Identificar formas de intervención en situacións colectivas, analizando o proceso de toma de decisións, para o liderar.
- v) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre homes e mulleres.

En cada ciclo formativo desenrolláanse diversos módulos, sendo o módulo de Formación e Orientación Laboral (F.O.L.) común a todos eles. O mercado laboral e o noso entorno socio económico presentan unhas

perspectivas nas que os estudos técnico profesionais implican unha formación adecuada para a transición á vida activa e, o mesmo tempo, exige o convencimento de que o binomio formación-orientación constitúe un proceso único, dinámico e permanente. Este módulo ten como finalidade primordial contribuir a proporcionar esa preparación necesaria para a transición, inserción e adaptación á vida activa e profesional, de ahí a súa importancia e xustificación.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumno ou a alumna se poidan inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no seu sector.

No desenvolvemento do módulo de F.O.L, no relativo ao perfil profesional, axúdase a acadar as seguintes competencias profesionais, persoais e sociais:

- m) Cumprir as normas establecidas nos plans de prevención de riscos laborais de acordo co establecido no proceso de elaboración do produto.
- n) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas das relacións laborais, de acordo co establecido na lexislación.
- ñ) Xestionar a propia carreira profesional analizando as oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.
- p) Cumprir os obxectivos da produción, colaborando co grupo de traballo e actuando conforme os principios de responsabilidade e tolerancia.
- q) Participar de xeito activo na vida económica, social e cultural, cunha actitude crítica e responsable.
- r) Adaptarse aos postos de traballo e ás novas situacións laborais que se orixinan por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.
- s) Resolver problemas e tomar decisións individuais seguindo as normas e os procedementos establecidos, definidos dentro do ámbito da súa competencia.

A formación do módulo de F.O.L contribúe a alcanzar os seguintes obxectivos xerais:

- ñ) Identificar os riscos asociados á súa actividade profesional en relación coas medidas de protección, para cumprir as normas establecidas nos plans de prevención de riscos laborais.
- o) Describir os papeis de cada compoñente do grupo de traballo, e identificar en cada caso a responsabilidade asociada, para a súa organización.
- p) Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e a súa relación co mundo laboral, analizando as ofertas e as demandas do mercado, para manter unha cultura de actualización e innovación.
- s) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.
- u) Identificar formas de intervención en situacións colectivas, analizando o proceso de toma de decisións, para o liderar.
- v) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre homes e mulleres.

A formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral aumenta a empregabilidade do alumnado que supere estas ensinanzas e facilita a súa incorporación ao mundo do traballo, ao capacitálo para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais, establecidas no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

Características do ámbito produtivo:

A industria agroalimentaria ocupa unha posición importante no sector industrial galego. Os procesos produtivos e organizativos que se están a crear nas industrias agroalimentarias demandan operarios máis cualificados, que non só posúan coñecementos xerais senón tamén preparación específica para cada un dos niveis xerárquicos das empresas onde sexan requiridos.

O CIFP Paseo das Pontes está situado na cidade da Coruña o cal favorece o crecemento e posta en valor do centro xa que o tecido empresarial da cidade conta con empresas que poden absorber a oferta de man de obra que xera. Se ben, non soamente podemos pensar na propia cidade, xa que a diversidade de orixe do alumnado fai que non soamente a comarca da Coruña se vexa favorecida pola actividade do centro, senón que poderíamos estar a falar de toda Galicia.

O perfil dos estudantes é heteroxéneo. As idades dos estudantes están comprendidas entre 19 e 34 anos, o que pode axudar ao alumnado de menor idade a ter unha relación máis cercana á realidade social. Ademais a diferenza interxeneracional axuda a aprender uns de outros dende experiencias e vivencias diferentes.

Alén da idade, outra das diferenzas que atopamos entre o alumnado é a nacionalidade. O novo marco social do noso país fai que acudan ás aulas persoas de diferentes nacionalidades. Esta situación tamén está a ser enriquecedora pois acerca ás persoas a culturas diferentes e potencia o respecto e a tolerancia.

En relación cos estudos previos realizados polo alumnado, a maioría terminaron a ESO e outros proceden da FP Básica.

Por último, destacar que algún dos alumnos teñen experiencia laboral previa.

En relación cos espazos e equipamentos, o correcto desenvolvemento deste módulo esixe a disposición de medios informáticos con conexión a internet e que polo menos dúas sesións de traballo semanais sexan consecutivas.

De acordo coa planificación establecida no Anexo do Convenio, para o Curso 2023-2024, o modulo de Formación e Orientación Laboral ten asignadas un total de 107 horas que se organizan do modo seguinte:

- Formación no centro educativo: 105 horas.
- Formación na empresa: 2 horas.



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS



ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe				Resultados de aprendizaxe				
					14712				14722				
					RA 1	RA 2	RA 3	RA 4	RA 1	RA 2	RA 3	RA 4	
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	2	5			X						
2	A prevención de riscos laborais: Conceptos básicos.	A unidade analiza os conceptos básicos da prevención de riscos laborais, a relación entre as condicións de traballo e a saúde, diferenciando os distintos factores de risco e identificando os posibles danos que se poden producir pola existencia dos mesmos, así como os dereitos e as obrigas en materia de prevención.	12	10	X								
3	Principais factores de risco e a súa prevención.	A unidade identifica os principais factores de risco derivados das condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais, os posibles danos para a saúde, así como a avaliación dos riscos e a planificación das medidas de prevención e protección individuais e colectivas.	12	10		X		X					
4	Organización e xestión da prevención na empresa.	A unidade aborda as diferentes modalidades de organización da prevención na empresa, a participación dos traballadores en materia preventiva, así como o contido esencial dun plan de emerxencias.	9	5			X						
5	Primeiros auxilios.	A unidade expón as pautas xerais de actuación ante unha situación de emerxencia sanitaria (conduta P.A.S), identifica as técnicas básicas de primeiros auxilios fronte a emerxencias como hemorraxias, queimaduras ou fracturas, así como a composición da caixa de primeiros auxilios.	10	10				X					
6	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	0	0									
7	O Dereito Laboral e o contrato de traballo.	A unidade estuda os requisitos, normas reguladoras, dereitos e obrigacións derivados da relación que xorde entre empresario e traballador tras a celebración do contrato de traballo, así como as principais modalidades contractuais.	11	10						X			
8	O tempo de traballo e a súa retribución.	A unidade desenvolve a regulación da xornada de traballo, os descansos e permisos retribuídos aos que ten dereito o traballador, así os conceptos salariais e os principais elementos que integran o recibo de salarios.	11	10						X			
9	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.	A unidade explica a posibilidade da empresa de modificar as condicións de traballo establecidas no contrato, as situacións que poden dar lugar á suspensión temporal da relación laboral, así como os requisitos, causas e efectos da extinción do contrato de traballo.	10	10						X			
10	Seguridade Social e desemprego.	A unidade analiza a estrutura e funcionamento do sistema da Seguridade Social, as obrigacións da empresa, así como os requisitos, duración e contía das principais prestacións incluída a protección por desemprego.	10	10							X		
11	O proceso de procura de emprego.	A unidade amosa as diferentes vías de inserción laboral, a importancia do auto análise persoal e profesional, así como as técnicas, ferramentas e instrumentos empregados na procura de emprego.	10	10									X
12	Equipos de traballo e resolución de conflitos.	A unidade destaca a importancia e utilidade do traballo en equipo, así como dos medios de resolución dos conflitos no ámbito laboral.	10	10					X				

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe				Resultados de aprendizaxe					
					14712				14722					
					RA 1	RA 2	RA 3	RA 4	RA 1	RA 2	RA 3	RA 4		
Total: 107														

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	2

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer o ámbito da prevención de riscos integrada nas actividades da empresa, así como as responsabilidades e as funcións como traballadores.	1	Actividades na empresa.	2,0
TOTAL			2

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.	<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Actividades formativas na empresa. 	N	25
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.	<ul style="list-style-type: none"> OU.2 - Actividades formativas na empresa. 	N	25
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.	<ul style="list-style-type: none"> OU.3 - Actividades formativas na empresa. 	S	50
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Actividades na empresa. - Actividades que se desenvolverán na empresa.					<ul style="list-style-type: none"> OU.1 - Actividades formativas na empresa. OU.2 - Actividades formativas na empresa. OU.3 - Actividades formativas na empresa. 	2,0
TOTAL						2,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A prevención de riscos laborais: Conceptos básicos.	12

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Comprender os conceptos básicos relacionados coa seguridade e a saúde no traballo.	1	Prevención de riscos laborais: Conceptos básicos.	4,0
1.2 Relacionar as condicións laborais coa saúde dos traballadores.			
2.1 Analizar os dereitos e obrigas das persoas traballadoras e empresarias en materia de prevención de riscos laborais.	2	Dereitos e obrigas de empresarios e traballadores en materia preventiva.	4,0
3.1 Distinguir os principios da acción preventiva.	3	Cultura positiva de seguridade e saúde no traballo.	4,0
3.2 Valorar a importancia de traballar nunha contorna de traballo seguro e saudable.			
TOTAL			12

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.	• PE.1 - Actividade 1: Proba escrita da unidade con preguntas tipo test e resolución de supostos prácticos.	S	30
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.	• LC.1 - Actividad 3: Actividade de aula: Traballo sobre a seguridade e saúde laboral.	N	20
CA1.3 Apareciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.	• LC.2 - Actividad 3: Actividade de aula: Traballo sobre a seguridade e saúde laboral.	N	20

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.4 Comprenderonse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Actividade 2: Proba escrita da unidade con preguntas tipo test e resolución de supostos prácticos. 	N	5
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Actividade 2: Proba escrita da unidade con preguntas tipo test e resolución de supostos prácticos. 	N	5
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector da industria alimentaria	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Actividade 2: Proba escrita da unidade con preguntas tipo test e resolución de supostos prácticos. 	S	10
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Actividade 2: Proba escrita da unidade con preguntas tipo test e resolución de supostos prácticos. 	S	10
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.</p> <p>Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.</p> <p>Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.</p> <p>Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.</p> <p>Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.</p>

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Prevención de riscos laborais: Conceptos básicos. - Exposición e análise dos conceptos de saúde, condición de traballo, risco laboral, dano derivado do traballo e prevención.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos conceptos de saúde e traballo e a interacción entre eles, tanto no sentido positivo como negativo. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de supostos prácticos sobre factores de risco e danos derivados do traballo. Realización dunha proba escrita sobre os contidos da 	<ul style="list-style-type: none"> Supostos prácticos resoltos e posta en común. Proba escrita resolta. 	<ul style="list-style-type: none"> Aula polivalente con equipos informáticos para o profesor e o alumnado, proxector e pantalla. Apuntamentos e presentación power point da unidade subidos na aula virtual. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Actividade 1: Proba escrita da unidade con preguntas tipo test e resolución de supostos prácticos. 	4,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos conceptos básicos en materia de prevención de riscos laborais: condición de traballo, risco laboral, dano derivado do traballo (accidente de traballo, enfermidade profesional, fatiga e insatisfacción laboral) e prevención. Presentación de supostos prácticos sobre factores de risco e danos derivados do traballo. Comentario dos supostos prácticos resoltos. 	unidade.		<ul style="list-style-type: none"> Supostos prácticos plantexados. Lei de Prevención de Riscos Laborais. Cadro de enfermidades profesionais. Copia da proba escrita proporcionada ao alumnado. 		
Dereitos e obrigas de empresarios e traballadores en materia preventiva. - Exposición e análise dos dereitos e obrigas de traballadores e empresarios en materia de prevención de riscos laborais.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos dereitos e obrigas de empresarios e traballadores en materia de seguridade e saúde laboral. Presentación de supostos prácticos sobre dereitos e deberes dos traballadores. Comentario dos supostos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de supostos prácticos sobre dereitos e deberes dos traballadores. Realización dunha proba escrita sobre os contidos da unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> Supostos prácticos resoltos e posta en común. Proba escrita resolta. 	<ul style="list-style-type: none"> Aula polivalente con equipos informáticos para o profesor e o alumnado, proxeutor e pantalla. Apuntamentos e presentación power point da unidade subidos na aula virtual. Supostos prácticos plantexados. Lei de Prevención de Riscos Laborais. Copia da proba escrita proporcionada ao alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Actividade 2: Proba escrita da unidade con preguntas tipo test e resolución de supostos prácticos. PE.3 - Actividade 2: Proba escrita da unidade con preguntas tipo test e resolución de supostos prácticos. PE.4 - Actividade 2: Proba escrita da unidade con preguntas tipo test e resolución de supostos prácticos. PE.5 - Actividade 2: Proba escrita da unidade con preguntas tipo test e resolución de supostos prácticos. 	4,0
Cultura positiva de seguridade e saúde no traballo. - Análise dos principios básicos en materia de seguridade e saúde no traballo.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos principios da acción preventiva. Presentación dun traballo sobre a seguridade e saúde laboral, explicación das pautas para a súa realización e avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> Visita, na páxina Web do INSST, a material divulgativo como folletos e carteis en materia de prevención de riscos laborais. Procura de noticias, en diferentes medios de comunicación, relacionados coa seguridade e saúde no ámbito laboral. Realización dun traballo sobre a seguridade e saúde 	<ul style="list-style-type: none"> Traballo sobre a seguridade e saúde laboral realizado. 	<ul style="list-style-type: none"> Lei de Prevención de Riscos Laborais. Aula polivalente con equipos informáticos para o profesor e o alumnado, proxeutor e pantalla. Páxina Web do INSST. Traballo sobre a seguridade e saúde laboral. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Actividade 3: Actividade de aula: Traballo sobre a seguridade e saúde laboral. LC.2 - Actividade 3: Actividade de aula: Traballo sobre a seguridade e saúde laboral. 	4,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
		laboral.				
TOTAL						12,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Principais factores de risco e a súa prevención.	12

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da industria alimentaria.	SI
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en elaboración de produtos alimentarios.	NO

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Analizar as situacións de risco máis habituais ligadas a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.	1	Os factores de risco.	6,0
1.2 Recoñecer os danos profesionais derivados dos factores de risco.			
2.1 Identificar as medidas de prevención e protección.	2	Medidas de prevención e protección.	3,0
2.2 Analizar o significado da sinalización de seguridade.			
2.3 Seleccionar os EPIs axeitados ás situacións de risco atopadas.			

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
3.1 Realizar a avaliación de riscos nun contorno de traballo relacionado coa actividade do título.	3	A avaliación de riscos.	3,0
TOTAL			12

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en elaboración de produtos alimentarios.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Actividade 1: Proba escrita da unidade con preguntas tipo test e resolución de supostos prácticos. 	S	5
CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Actividade 1: Proba escrita da unidade con preguntas tipo test e resolución de supostos prácticos. 	S	20
CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en elaboración de produtos alimentarios.	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Actividade 1: Proba escrita da unidade con preguntas tipo test e resolución de supostos prácticos. 	S	5
CA2.4 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico en elaboración de produtos alimentarios.	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Actividade 3: Actividade de aula: Traballo de avaliación de riscos do taller de elaboración de produtos alimentarios. 	N	10
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade.	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 - Actividade 3: Actividade de aula: Traballo de avaliación de riscos do taller de elaboración de produtos alimentarios. 	S	30
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Actividade 2: Proba escrita da unidade con preguntas tipo test e resolución de supostos prácticos. 	S	10
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.	<ul style="list-style-type: none"> PE.5 - Actividade 2: Proba escrita da unidade con preguntas tipo test e resolución de supostos prácticos. 	S	10
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - Actividade 2: Proba escrita da unidade con preguntas tipo test e resolución de supostos prácticos. 	S	10
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.

Contidos
Riscos específicos no sector da industria alimentaria en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector das empresas e as plantas de elaboración de produtos alimentarios.
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Os factores de risco. - Exposición e análise dos principais factores de risco derivados das condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais, e os posibles danos para a saúde.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos factores de risco ligados ás condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais, e os danos profesionais derivados dos devanditos factores de risco. Presentación de supostos prácticos sobre os distintos factores de risco laboral que inciden no traballo atendendo á súa orixe, e danos que producen. Comentario dos supostos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de supostos prácticos sobre os distintos factores de risco laboral que inciden no traballo atendendo á súa orixe, e danos que producen. Realización dunha proba escrita sobre os contidos da unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> Supostos prácticos resoltos e posta en común. Proba escrita resolta. 	<ul style="list-style-type: none"> Aula polivalente con equipos informáticos para o profesor e o alumnado, proxeutor e pantalla. Apuntamentos e presentación power point da unidade subidos na aula virtual. Supostos prácticos plantexados. Lei de Prevención de Riscos Laborais. Copia da proba escrita proporcionada ao alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Actividade 1: Proba escrita da unidade con preguntas tipo test e resolución de supostos prácticos. PE.2 - Actividade 1: Proba escrita da unidade con preguntas tipo test e resolución de supostos prácticos. PE.3 - Actividade 1: Proba escrita da unidade con preguntas tipo test e resolución de supostos prácticos. 	6,0
Medidas de prevención e protección. - Exposición e análise das medidas de prevención e protección individuais e colectivas.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das medidas de prevención e protección facendo fincapé na sinalización de seguridade e nos equipos de protección individual. Presentación de supostos prácticos sobre medidas de prevención e protección, sinalización e EPIs. Comentario dos supostos prácticos resoltos. 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución de supostos prácticos sobre medidas de prevención e protección, sinalización e EPIs. Realización dunha proba escrita sobre os contidos da unidade. 	<ul style="list-style-type: none"> Supostos prácticos resoltos e posta en común. Proba escrita resolta. 	<ul style="list-style-type: none"> Aula polivalente con equipos informáticos para o profesor e o alumnado, proxeutor e pantalla. Apuntamentos e presentación power point da unidade subidos na aula virtual. Supostos prácticos plantexados. Lei de Prevención de Riscos Laborais. Copia da proba escrita proporcionada ao alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 - Actividade 2: Proba escrita da unidade con preguntas tipo test e resolución de supostos prácticos. PE.5 - Actividade 2: Proba escrita da unidade con preguntas tipo test e resolución de supostos prácticos. PE.6 - Actividade 2: Proba escrita da unidade con preguntas tipo test e resolución de supostos prácticos. 	3,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A avaliación de riscos. - Análise dos factores de risco presentes no taller de elaboración de produtos alimentarios, avaliación dos riscos detectados e determinación das medidas de prevención e protección a adoptar para o control dos riscos avaliados. Descrición do proceso de avaliación, as súas fases e métodos.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das etapas do método de avaliación de riscos laborais do INSST. Presentación dun traballo de avaliación de riscos do taller de elaboración de produtos alimentarios, explicación das pautas para a súa realización e avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización dun traballo de avaliación de riscos do taller de elaboración de produtos alimentarios. 	<ul style="list-style-type: none"> Traballo de avaliación de riscos do taller de elaboración de produtos alimentarios realizado. 	<ul style="list-style-type: none"> Aula polivalente con equipos informáticos para o profesor e o alumnado, proxector e pantalla. Apuntamentos e presentación power point da unidade subidos na aula virtual. Traballo de avaliación de riscos. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Actividade 3: Actividade de aula: Traballo de avaliación de riscos do taller de elaboración de produtos alimentarios. LC.2 - Actividade 3: Actividade de aula: Traballo de avaliación de riscos do taller de elaboración de produtos alimentarios. 	3,0
TOTAL						12,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Organización e xestión da prevención na empresa.	9

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.2 Distinguir as modalidades de organización da prevención na empresa.	1	Organización e xestión da prevención na empresa.	5,0
1.1 Analizar o contido dun plan de prevención de riscos laborais.			
2.2 Identificar os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.	2	Representación dos traballadores na empresa e organismos públicos relacionados coa prevención.	3,0
2.1 Determinar os xeitos de representación dos traballadores na empresa en materia de prevención de riscos.			

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
